



EXCO. CONCELLO DA ESTRADA
CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA
Avda: Benito Vigo, 94 - 3º 36680 – A ESTRADA
Tlfn: 986572492 email: cmus.aestrada@gmail.com
Web: www.conservatoriodemusica.aestrada.com

PROCEDIMENTO PARA PROBA DE APTITUDE A 1º CURSO DE GRAO ELEMENTAL.

Antes do 30 de abril remitiranse á Consellaría de Educación as prazas ofertadas no grao elemental e profesional para o seguinte curso.

Os alumnos/as de 4º de iniciación matriculados na Escola de Música, realizarán ao longo do curso unhas probas cos instrumentos das especialidades que se imparten no centro, co único obxectivo de que o coñezan de primeira man.

No mes de xuño realizarán a inscrición para a proba de aptitude (xunto cos demais aspirantes que non estiveran matriculados) na que se avaliará a aptitude rítmica, auditiva, vocal e a psicomotricidade do alumno. Dita proba está limitada a rapaces de entre 8 e 14 anos cumpridos ou a cumprir no ano natural. Esta realizarase na 2ª quincena do mesmo mes (a data publicarase nesta web), unha única proba, inamobile e optarán en igualdade de condicións á especialidade que solicitasen no modelo de inscrición.

Realizada a proba, publicaranse os resultados da mesma, cubrindo as prazas ofertadas e quedando nunha lista de espera aqueles aspirantes que superasen a proba, pero non acadaran praza.

A estes últimos, daráselle a posibilidade de escoller outra especialidade na que quedasen prazas vacantes.

GUÍA SOBRE O ACCESO AO 1º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

1. Información xeral¹

Para acceder ás ensinanzas de grao elemental de música será requisito imprescindible superar unha proba específica de acceso.

O procedemento de acceso ao primeiro curso de grao elemental atenderá exclusivamente á avaliación das aptitudes musicais das persoas aspirantes e á idade idónea para iniciar os seus estudos nas especialidades instrumentais. En todo caso, a idade mínima de acceso será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.

2. Proba de acceso

Contidos	Descrición	Criterios de avaliación
Aptitude rítmica	O aspirante deberá repetir un ou varios fragmentos rítmicos realizados con palmas polo profesor/a.	<ul style="list-style-type: none">•Mostrar capacidade de concentración.•Memoria auditiva.•Exactitude na repetición rítmica.
Aptitude auditiva e vocal	O profesorado entoará un ou varios pequenos fragmentos melódicos que o aspirante deberá repetir.	<ul style="list-style-type: none">•Memoria auditiva•Exactitude na afinación.•Corrección na repetición melódica.
Aptitude psicomotriz	Avaliaranse as aptitudes psicomotrices a partir da escoita e visualización de fragmentos de percusións corporais que o/a aspirante deberá repetir.	<ul style="list-style-type: none">•Memoria visual e psicomotriz.•Coordinación espazo-temporal.•Imitación psicomotriz.•Coordinación psicomotriz.

Ningún dos exercicios ten carácter eliminatorio. A valoración realizarase considerando tanto cada un dos aspectos sinalados como o conxunto da proba globalmente.

A proba de acceso cualificarase globalmente de 1 a 10 puntos, ata un máximo dun decimal, debendo obter o aspirante una puntuación mínima de 5 puntos para superar a proba.

¹ **Lexislación aplicable:** Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. Circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música

3. Ponderación da proba

A proba valorarase sobre 100 puntos, ao que se lle sumará a seguinte puntuación en función da idade do candidato/a (anos cumpridos no presente ano natural):

Idade	8	9	10	11	12	13	14
Puntuación	20	15	10	5	3	1	0

A cualificación final será o resultado de dividir a suma da valoración da proba máis a puntuación que lle corresponde por idade entre 12.

En caso de empate numérico, será elixido o aspirante de menor idade.

4. Superación da proba e obtención de praza

As prazas de cada unha das diferentes especialidades asignaranse segundo a cualificación final obtida polos aspirantes tendo en conta unicamente a especialidade solicitada no formulario de inscrición da proba.

No caso de que unha ou mais prazas resulten vacantes, estas serán ofertadas aos aspirantes que superasen a proba pero non obtiveran praza na especialidade instrumental solicitada inicialmente. Farase seguindo a orde establecida na lista de agarda xeral que se publicará para tal fin.